

REVISTA ESCOLAR

ESPERPENTO

Nº 32 XUÑO 2012



“Un canto rexo no vento
beixa o azul de mediodía
son coplas de Campolongo
que estalan na Ferraría”

CEIP CAMPOLONGO PONTEVEDRA

Patrocinada pola ANPA S. XOSÉ



MILAGROS
GÓMEZ LAMELA



Mª REYES
CARBALLO CARBALLO



JOSÉ MANUEL
SÁNCHEZ MOURE



Mª MERCEDES
MÁRQUEZ RODRÍGUEZ



Mª ROSARIO
PAZOS GULÍN



Mª CARMEN
MIRAGALLAS DE LOS REYES

CEIP "CAMPOLONGO"

PONTEVEDRA

EDUCACIÓN INFANTIL

2011 - 2012



PILAR
ANDIÓN ÁLVAREZ



NORA
BLANCO FREIRE



BEATRIZ
ABAL BOULLOSA



RAFAEL
CALVO SOUTO



ÓSCAR
CAMPOS RAMOS



FRANCISCO
CASAL BARCALA



ALBERTO
MEMBRIVES MIRANDA



PEDRO
MARTÍNEZ DE LOS SANTOS



ÁNGEL
JORGE-ECHEVERRY BALTAR



GABRIEL
IGLESIAS LÓPEZ



UXÍA
GÓMEZ MEDAL



RAFAEL
GÓMEZ FONDEVILA



YAGO
GIL CASTRO



IRENE
GARCÍA COCHÓN



VIOLETA
FEGAN JIMÉNEZ



JOSÉ
DACOSTA FOCIÑOS



ALBERTO
NOYA LOSADA



BREIXO
OMIL GARCÍA




EDGAR
PAZOS NIETO



ROQUE
PITA DÍAZ



DANIEL
RADIÓ GONZÁLEZ



PEDRO
RODRÍGUEZ RAPOSO



PEDRO
RUPPEN NIETO



JAVIER
SIXTO VILAS



CRISTIÁN
VIÉITEZ LLERA



EVA
VILLAR CASALDERREY



SUMARIO

Sumario	1
Editorial	2
Digo poesía.....	3
O outono.....	4
O magosto.....	5
A máxica aventura de ernesto.....	6
Nadal.....	7
Isaac Díaz Pardo.....	8
Un día de película-muíños.....	9
Un monstro misterioso.....	10
A Paz.....	11
Gandhi.....	12
Reflexións sobre a Paz.....	13
Con estas letriñas.....	14-15
Congreso Unesco.....	16
Un día cheo de aventuras.....	17
O Entroido.....	18-19
As árbores da fraga-río Gafos.....	20
Visita ao museo de Pontevedra.....	21
A camelia.....	22-23
Río Gafos.....	24
Xogo da billarda.....	25
Lérez ao natural.....	26
Pontevedra ten un río.....	27
Entrevista a del Bosque.....	28-29
A casa encantada.....	30
Xoga o golfiño.....	31
Yubai.....	32
A bruxa Maruxa.....	33
Correndo millas.....	34
O volcán.....	35
Canta mentira!	36
D. Quixote na máquina do tempo.....	37
A guerra sen sentido.....	38
Maio 2012.....	39-40-41
Bombóns ordenados.....	42
Nai querida.....	43
Río Gafos	44-45
Celso Emilio Ferreiro.....	46
Valentín Paz Andrade.....	47
Visita científica aos museos coruñeses.....	48-49
Visita ao Domus.....	50-51
Bicicleta e medio ambiente.....	52
Xadrez na rúa.....	53
O gato pirata.....	54
Outras novas.....	55
Memoria das actividades da ANPA.....	56



EDITORIAL

Achegámonos outro curso máis á comunidade escolar neste remate de xuño, aproveitando e comprometéndonos coas tecnoloxías da comunicación, como unha ferramenta útil e imprescindible, que nos axuda e fai posible a certeza de estar presentes e seguir adiante nesta andadura conxunta.

TRABALLAMOS POR UN ENSINO PÚBLICO DE CALIDADE

Este curso diminuíron considerablemente as achegas, minguando notablemente a capacidade de difusión desta revista. **De non ser pola ANPA**, non podería facerse a edición en papel.

Desde este voceiro apostamos pola lingua galega, como merecedora dunha prospectiva progredinte e criadora cara o cobizoso mundo do porvir, medrando nun futuro de renovados azos e medulando a realidade cultural da nosa terra.

Fomos e queremos seguir sendo unha escola de referencia, a pesar da perda da E. Infantil, polo que –unha vez máis– manifestamos o noso apoio inequívoco ao ensino público, rexeitando tódalas medidas que provocan o seu deterioro. A educación é un dereito. A súa calidade debe estar garantida para todas e todos, máis nestes intres de crise, onde compre fornecer este servizo público, nunha aposta clara polos valores formativos de igualdade de oportunidades, como herdo determinante para as xeracións vindeiras.

Como ensinantes, cúmprenos a tarefa esencial de construír un proxecto común, entendendo a escola como espazo de oportunidades e de encontro didáctico coas convivencias e prácticas formativas dentro da nosa comunidade e co estremeiro Portugal. Tales experiencias permiten ao alumnado, profesorado, pais e nais o intercambio e adquisición de novos referentes educativos, dando conta deste xeito, dunha escola dinámica, aberta e renovadora, a prol dunha ensinanza de calidade que atesoura os froitos do noso quefacer diario.

Tócanos despedir outra promoción de sexto, aos que desexamos moitos éxitos e moita sorte no instituto e na vida. Levades na vosa mochila o recordo de todos os momentos vividos nesta, a vosa querida escola. Xa sabedes que segue aberta para vós, para cando queirades visitarnos.

Dende o miradoiro do Esperpento, desexamos que gocedes connosco da viaxe polas páxinas desta revista e que nas merecidas vacacións, saibades atopar a ledicia para encher de felicidade tódolos momentos, aproveitando o lecer como un agasallo fermoso e satisfactorio.

Revista: Esperpento Nº 32
Año de publicación: 2012
Colabora: Comunidade Educativa de Campolongo
Dirección e coordinación: Equipo de Normalización Lingüística
Patrocinada pola ANPA SAN XOSÉ
O noso agradecemento a todos os que colaboraron na elaboración da Revista

ENL DO CEIP CAMPOLONGO





DIGO POESÍA

Cando quero ir
digo poesía.
Digo poesía
cando semento a ilusión.
Digo poesía
eponse alegre o meu corazón.

Cando quero cantar
digo poesía.
Digo poesía
cando o río está alporizado.
Digo poesía
eponse o día claro

Cando quero voar
digo poesía.
Digo poesía
cando a pena me atrapa.
Digo poesía
eponse leda a miña alma.

Cando quero bailar
digo poesía.
Digo poesía
cando a lúa viste de fada.
Digo poesía
eponse a noite estrelada.

Cando quero fuxir
non digo alegría
e apíname o silencio
de non decir poesía.



Colectivo 4º B



O OUTONO

O verán xa rematou
e o outono chegou.
Todos estamos moi contentos,
tamén trae chuvias e ventos.

As andoriñas vanse desta zona,
eu solo vexo gaivotas,
vense bandados no ceo,
dando moitas voltas.

Celebrase o Magosto,
unha festa moi xenial
nela papamos castañas
é un día ideal.

O outono é xenial
e todos conta vañonos dar!

Patricia Farina Dapena 5ºB



O MAGOSTO

O día 15 de Novembro celebrouse o magosto. Fíxose despois do recreo, así que só tivemos unha hora e noventa minutos de clase. Fomos ao patio de 2º ciclo xa que alí puxéranse todos os xogos. Os de sexto, coma sempre, eran os monitores. Primeiro tocounos xogar as bólas pero... cando íamos acabar de xogar empezou a chover. Os profesores e as profesoras avisáronnos a todos de que fosemos para dentro. Ao final non xogamos a case nada.

Pensábamos que non íamos tomar ningunha castaña asada, pero os profesores trouxéronnos moitas caixas delas. A metade das castañas estaban podres xa que o magosto aprazárase moito. Estivemos



comendo e xogando fóra das clases. A Guillermo, Pablo B., Sergio e Daniel saíronlle todas as castañas podres e, ás veces, mentres non viña outra caixa delas, Pablo Barragán tomábase as castañas que estaban podres porque tiña moita fame. Eu tiven sorte e tiña de merenda unha bolsa de castañas crúas. As nenas e máis eu comemos as miñas castañas. Logo fomos a clase e recollemos xa que so quedaban uns poucos minutos para marchar. Cando souo o timbre marchamos todos moi contentos por celebrar o magosto.

Texto: Laura Bacariza Baltasar 5º A

Ilustracións: Sabela Álvarez Lariño 5º A



A MÁXICA AVENTURA DE ERNESTO

Nun lugar do bosque moi afatado de calquera vila había unha casa que na primavera parecía a vista de quen a mirase a máis bonita do mundo. Esta era a casa da bruxa Vladimira que era moi vella e tiña unha verruga tan grande que lle tapaba o nariz; pero que ao igual que a casa, a luz do Sol, parecía unha muller moi moza e fermosa.

Mais alá da casa da meiga, nunha vila, unha familia acabada de chegar descargaba as súas maletas. Tiñan un fillo chamado Ernesto, era delgado e alto, moreno, de carácter afable e moi valente.

Pasados uns meses Ernesto foi dar un paseo polo bosque preto da súa casa. Pero perdeuse, e nese momento recordou que os seus pais dixeranlle nunha ocasión que si se perdera se quedase quieto agardando a que o atopasen, e así o fixo .O neno sentouse a carón dunha árbore e quedouse durmido. A media noite alguén o recolleu e levouno a súa casa, era a bruxa Vladimira! Cando o neno espertou atopouse nunha casa estraña e de súpeto viu unha señora; polas súas vestimentas e pola verruga tan grande que lle tapaba o nariz, deduciu que era unha bruxa.



- É vostede unha bruxa? - preguntou o neno.

-Unha bruxa? Si, o son -Afirmou Vladimira.

-Quero irme a miña casa.-dixo o neno tristemente.

A bruxa díxolle que agora sería o seu escravo. O neno insistiu tanto que a bruxa lle propuxo un trato: "se encontras a planta esmeralda serás libre."

Explicoulle como era, e cando o neno ía a saír pola porta advírtelle que o estaría vixiando.

Pasadas dúas horas o neno estaba moi canso, xa non tiña esperanzas, de súpeto tropezou e caeu por un terraplén, cando abriu os ollos tiña diante a flor esmeralda, colleuna e foi rapidamente a casa da bruxa. Ela sorprendida deixouno marchar e deulle un mapa para axudalo a chegar a súa casa. Cando se atopou coa súa familia todos se alegraron de velo e celebrárono.

Ainoa Otero Navarro 5°C



NADAL 2011

O día 21 de Decembro os nenos de Campolongo tivemos o festival de Nadal. Foi un día moi especial para todos!

Os de Infantil cantaron a canción "*Campana sobre Campana*" e outra chamada : "*Buscando a Papá Noel*".

As rapazas e rapaces de 5ºA cantamos e tocamos unha canción chamada: "*A nena canta panxolas*", escrita polo noso mestre , Xabier.

Era unha canción moi bonita , aínda que algúns nenos non a cantaban con demasiada alegría. Cinco nenas tocábamos a fruta, (un pouco descoordinadas), pero a pesar de todo, o público aplaudiu con forza.

Os de sexto curso representaron unha obra de teatro moi entretida e unha panxoliña instrumentada.

Os de segundo C representaron unha obra de teatro e unha panxoliña chamada "*Un Belén de fantasía*".

Os de quinto B e C cantaron "*Navidad , Navidad*" , e bailaron: Danza Kuduro.

Falábamos tanto que , ás veces o director tiñanos que chamar a atención.

Ao final entregou os premios das postais de Nadal , unha das gañadoras foi María Carballal.

Tamén entregou diplomas aos nenos e nenas que participaron na exposición das castañas.

Texto: Clara Abad de la Cierva e María Carballal Araújo 5º A



Ilustración: Sabela Álvarez Lariño



Pasamento de Isaac Díaz Pardo



Nado en agosto de 1920 e finado en xaneiro deste ano 2012. Foi un intelectual e artista galeguista que se impuxo a tarefa de preservar, fortalecer e reconstruír a cultura e a memoria de Galicia. Acometendo facetas de empresario cultural, deseñador industrial, escritor, editor, promotor e mecenas de proxectos. Matáronlle ó seu pai en 1936. Fixo no mesmo ano un grafiti en Santiago de Compostela poñendo "Si o Estatuto de Autonomía"

O seu pensamento en catro palabras (sacadas dunha das últimas entrevistas que lle fixeron).

Eu son un ceramista.

Galicia, digan o que digan os parlamentarios, é unha nación escarrallada por nove séculos de abandono total.

- (Sobre as guerras). A ONU está ó servicio dos americanos.
- As cousas que teñen raíces son as que poden ter sustentabilidade.
- O planeta estámolo escarallando.
- Sargadelos é cultura galega e non pode tratar como calquera outra empresa.

Neiras Vilas leu o día do seu pasamento as seguintes palabras:

" Déixanos que che digamos cando menos grazas por ti, por haber vivido, por termos estado á túa beira, coa túa voz, coa túa sabia palabra, cos teus traballos, cos teus fermosos proxectos. Grazas polo teu sorriso, polo teu sentido do humor, pola túa perenne comprensión e solidariedade en todo momento e ante calquera circunstancia. Grazas pola túa permanente lección de humildade e de sabedoría"

Nunha das últimas entrevistas rematou dicindo: **"Desculpen as molestias voume"**

Amalia Ferrer Doporto – 6ºB



Un día de película

Filmando ó rodicio no buraco do inferno




MUÍÑO DE CABANAS

Os buracos do inferno onde se atopan os rodicios cas súas penlas para mover a moa



Buraco do inferno

Partes do muíño



1. Rella
2. Canle
3. Firidoiro
4. Mesa
5. Pau de Cruces
6. Porca
7. Agulla
8. Rodicio
9. Trouso
10. Vara
11. Argolas
12. Buxo
13. Segorella
14. Capa
15. Olio
16. Pé
17. Pexadoiro
18. Quenlla
19. Moega
20. Espiteira
21. Tarabelo
22. Trabe de Arriba
23. Tremiñado

O final da canle xa no muíño con dúas posibles entradas. Era un muíño con dúas moas. Agora só funciona unha.



Canle

Debullando millo



As cestas de vimbio co millo debullado

6ºB

Poucas veces ten un a oportunidade de participar como **actores nunha película** ou documental. Pois ós de 6ºB cadroulle e fixéronno colaborando cun documental que fixo a Asociación Vaipolorío sobre o **Muíño de Cabanas**, o único de momento que está restaurado no **Río Gafos**.



Un monstro misterioso

Era de noite, e todos durmiron. De súpito escoitaronse uns ruidos misteriosos, Marcos, un neno do barrio despertou para ir ao baño, pero... Tiña moito medo, e non quixo levantarse da cama. Pasaron minutos, e minutos, e máis minutos. Marcos estaba atemorizado, levaba moito tempo despierto, tanto tempo que tiña moitísimas ganas de ir ao baño. De súpito chamou aos pais.

Chegou a nai e el díxolle:

- Mamá hai un monstro na miña habitación.
 - Non te preocupes, seguro que son os ruidos dos coches -dixo ela.
- A partir dese día Marcos durmiu moi ben.



Ilustración: Sara Bouzón Verea 3ºB María Feijó, Medel 3ºB




A PAZ, PAZ, PAZ
vai coa pomba branca
buscando a bondade.

A Paz, Paz, Paz,
descansa na hamaca
do amor e da amizade.

A Paz, Paz, Paz,
está un pouco manca
de tanta maldade.

Paz, Paz, Paz,
querémoste sempre
aquí presente.



Alumnos/as 4ºC



GANDHI

Naceu na India, baixo dominio británico, en 1869. A súa familia pertencía ás castas privilexiadas hindús; o seu pai foi un alto funcionario e a súa nai unha muller profundamente relixiosa.


Destinado á carreira de leis, rematou a súa formación universitaria en Londres.

Ao regresar á India enfrontouse á dificultade de encontrar traballo como avogado e viuse forzado a emigrar a África do sur.

Sufriu toda clase de vexacións a causa da súa condición racial. Foi entón cando tomou a decisión de **"NON ACEPTAR NUNCA A INXUSTIZA COMO PARTE DO ORDEN"**.

En 1914 comezou a súa campaña a favor da independencia, baseada nos principios da non violencia.

Texto: Iria Alén Caamaño 5º A



Nosa recompensa atópase no esforzo e non no resultado.

Victor Velasco Ferrerías 5.º C



REFLEXIONS SOBRE A PAZ



A maioría da xente pensa que a paz é a ausencia de guerra. Sen embargo para min a paz non é só iso, senón tamén intentar loitar contra a violencia e o sufrimento das persoas, contra a destrución da natureza, contra a falta de respecto aos dereitos humanos, contra as desigualdades sociais, contra o

racismo, a pobreza, a fame...

Sen dúbida a paz é o desafío máis urxente que a humanidade ten que presentar.

Isto é o que debe entenderse por paz a nivel xeral pero a nivel persoal tamén ten que suscitarse.



Para min a paz é cando me atopo tranquila e feliz, sen preocupacións, cando sei que cumpro con todas as miñas tarefas, cando sei que os meus seres queridos están ben, cando pido perdón se cometo algún erro, cando axudo a alguén que o necesita ou cando sei que non fago dando a ninguén.



Con todo isto, son feliz e intento transmitir este sentimento á xente que me rodea, cun sorriso, cunha palabra, cun xesto, cunha acción.












Como todas a cousas importantes da vida, a paz constrúese pasiño a pasiño, empezando por un mesmo.

Fátima Loureiro Miragaya 5ºB









CON ESTAS LETRIÑAS QUE IDES A LER

PRESENTÁSE A CLASE DE 1º C.

<p>Son Fernando e estou rimando.</p>		<p>Eu son Antía e gústame a sandía.</p>		<p>Chámome Sara e compro en Zara.</p>
	<p>Son Flavia e gústame menos a noite que o día.</p>		<p>Chámome Aroa e gústanme moito as filloas.</p>	
<p>Eu son Leyre e encántanme os caraveis.</p>		<p>Javier foi a Valladolid e está moi feliz.</p>		<p>Son Yago desexaría ser mago e vivir en Santiago.</p>
	<p>Eu son Leo e estou moi ledó.</p>		<p>Eu chámome Alejandra e a miña boneca Sandra.</p>	
<p>Eu son Uxío e Fon é o meu tío</p>		<p>Iker é o meu nome e son alto e forte coma un home.</p>		<p>Eu son Celia e debuxei unha camelia.</p>



	<p>Chámome Iria e debuxo de marabilla.</p>		<p>Eu son Anxo e ás veces estou canso.</p>	
<p>Jorge é o meu nome, de tres irmáns o único home.</p>		<p>Eu son Lucía e Inma é a miña tía.</p>		<p>Chámome Uxía e son moi amiga de Lucía.</p>
	<p>Son Teo, mando agasallos por correo.</p>		<p>Chámome Lara, mañá irei á casa de Sara.</p>	
<p>Sergio foi a Madrid e levou un monopatín.</p>		<p>Eu son Paula e traballo moito na aula.</p>		<p>Son Carme e gústame a carne.</p>
	<p>Son Teo e despertó moi cedo.</p> 		<p>Liam é o meu nome e gústame xogar no cole.</p>	



Yogote

"Vivimos nun solo mundo, aprendemos para un solo mundo"

Participaron:

- CEIP "Cabanas"
- CEIP "Campolongo"
- CEIP "Isidoro Riestra"
- CEIP "San Benito"
- CEP "Marcos da Portela"
- IES "Luís Seoane"
- IES "Pazo da Mercé"
- IES "Pedra da Auga"
- CMUS "Manuel Quiroga"
- COLABORAN:
- Estudiantes do Ciclo TSAAFD
- Coro da Uni. de Vigo



Xestos naturais fáciles de entender

Xestos Naturais (1): un dedo que sinala

EU	TI	ISTO
AQUI	NON	BEN

IV ENCONTRO GALEGO DA REDE DE ESCOLAS ASOCIADAS Á UNESCO



PONTEVEDRA, 9/10/11 de febreiro de 2012

(-1 0̄ 0̄ ε-3 Q


Ainda ten moitos complexos

o galego na cidade

non se fala nas escolas

temos pouca dignidade.

A Educación, Sí, é importante



Xogando ó muíño

Nos presentamos 5 traballos sobre os muíños, de Sarah e Montse, e Juanjo de 6ªA; Amalia e Sara, e Lucía e Andrea de 6ªB), e de Ana N. e Paloma de 6ªC. Dos obradoiros feito o de Yogote foi o máis curioso.

1. Voltas e voltas dou sen cansarme, mais, se non tebo para ao instante.

O muíño de auga

Debyzo: muíño de auga

2. Teño aspas, e non uso. Teño unha torre, e non son un castelo. ¿Aíen son?

O muíño de vento

Debyzo: muíño de vento

3. Teño catro aspas, non brazos, porque o Quixote confundíuse, penso que era un xigante, atacoume e ao final riuse.

O muíño de vento

Traballo de Martín (6ªA)

Equipo Unesco



Un día cheo de aventuras

Un día coma outro calquera meu pai preguntou:

— Que tal se imos ao monte dar un paseo?

Cando escoitei iso fun correndo para a miña habitación, púxenme a roupa, tomei o almorzo e fun pitando cara a porta. Pasaron minutos e máis minutos, cando xa levaba esperando un cuarto de hora meu pai, miña nai, e miña irmá saíron das súas habitacións dispostos a empezar o paseo.

Despois de bastante tempo camiñando atopamos un esquío. Eu quería leválo para a casa pero... O esquío marchou correndo e nos seguimos camiñando, cando chegamos ao monte atopamos unhas pegadas, nós non sabíamos de quen eran esas pegadas así que seguímolas.

¡Eran maitas pegadas!

Levarámonos a un prazo, alí había un can. Levámono para a casa.

Dende ese día sempre imos ao monte.



Ilustración: Silvia Barcalá Libereiro 3ºB María Feixes Medel 3ºB



O ENTROIDO

O día 17 de Febreiro, celebrouse o "Entroido" no colxio de Campolongo. Unhas nenas da miña clase e máis eu quedamos á mesma hora no colxio. Eu ía vestida de elfo, Iria de Pipi Calzaslargas, Ana de enfermeira e Jacobo de chapón. O disfracé de Jacobo era o máis gracioso xa que levaba calcetíns ata os xeonllos, tirantes e unhas gafas moi, moi feas.

Os de sexto vendían comida típica da época e o diñeiro era para a excursión de fin de curso.

O animador colocouse no patio de primeiro cielo e non se escoitaba ben a música. Nós, os de quinto fomos xogar ao fútbol xa que non nos gusta moito bailar.

Ana e Antía Centeno como ían disfrazadas de enfermeiras levaban unhas xiringas de plástico. Os nenos colléronllas, enchéronas de auga e empezáronnos a mollar. A min e a Iria non nos pillaron.

Cando se foron todos eu me quedei coa miña nai e cuns amigos de meu irmán. Xogamos pouco xa que era tarde e tiñamos que marchar. Aínda así, varias nais, entre elas a miña, quedaron un bo anaco de parola.

Eu pasino tan ben que nunca vou a esquecer este día de Entroido.



Ilustración : Sabela Álvarez Lariño 5º A

Texto: Laura Bacariza Baltasar 5º A

ENTROIDO 2012



O Entroido organizado pola ANPA foi un éxito, houbo moito colorido, vendéronse todas as larpeiradas e bailouse todo o que se quixo ao ritmo da música .



As árbores da fraga



Estaba o **acivro** de garda na fraga, pasou o **carballo** e non lle dixo nada.

Chegou o **eucalipto** á porta petar, o **acivro** de garda non o deixou pasar.

Entrou o **bidueiro** e máis o **salgueiro**, tamén o **cerquiño** e o **ameneiro**.

Pasou o **pradairo** seguido do **freixo**, tamén a **avelaira** e o **castiñeiro**.

Logo entrou o **buxo** e máis a **sobreira**, despois veu a **faia** xunto coa **ulmeira**.

-Vaite **eucalipto** non insistas máis que aquí na fraga non podes entrar.

(Xosé Lois Seixo Fernandez)

Normalización Lingüística

ÁRBORES			
IMAXE	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
	ACIVRO	ACEBO	HOLLY BUSH
	CARBALLO	ROBLE	OAK
	EUCALIPTO	EUCALIPTO	EUCALYPTUS
	BIDUEIRO	ABEDUL	BIRCH

IMAXE	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
	SALGUEIRO	SAUCE	WILLOW
	CERQUIÑO	PEQUEÑO ROBLE	LITTLE OAK
	AMENEIRO	ALISO	ALDER
	PRADAIRO	ARCE	MAPLE

IMAXE	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
	FREIXO	FRESNO	ASH TREE
	ABELAIRA	AVELLANO	HAZEL
	CASTIÑEIRO	CASTAÑO	CHESTNUT TREE
	BUXO	BOJ	BOXWOOD


IMAXE	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
	SOBREIRA	ALCORNOCQUE	CORK
	FAIA	HAYA	BEECH
	ULMEIRA	OLMO	ELM

Traballo feito por María, Carla e Guillermo de 5ª

Cantiga encontrada por Alberto C.S. de 6ºB, e cantada por todo o colexio no Día das Letras Galegas. Tamén foi gravada en vídeo para completar o "dossier" que estamos a facer sobre o noso **río Gafos**.



VISITA AO MUSEO DE PONTEVEDRA



Estela megalítica IV-III milenios a.C.

O día sete de marzo os nenos/as de 5º curso fomos ao museo de Pontevedra. Leváronos alí porque acabáramos de dar a lección de Prehistoria en Coñecemento do Medio .

Ao chegar, déronnos unha ficha que tiñamos que cubrir a medida que íamos avanzando polas diversas salas.

Na primeira atopamos obxecto da prehistoria e da historia antiga. Nesta sala estaba o tesouro de Caldas. Na seguinte sala todos os obxectos eran de prata.



Tesouro de Caldas de Reis. Idade do Bronce, III-I milenios a.C.

Na ficha preguntábanos se puideramos levarnos algún obxecto cal sería. Eu respondín



cepo de áncora romano Séculos I-III

que unha Escribanía. A continuación fomos á sala do acibecbe, que contén unhas das tres coleccións máis grandes que hai no mundo; as derradeiras salas eran de temática naval . Nunha destas había unha maqueta do barco Santa María que foi un dos barcos que dirixiu Colón para chegar a América no ano 1492.

Logo entramos no despacho do Contraalmirante Méndez Núñez. Vimos unha maqueta da fragata Numancia que foi o primeiro acorazado que tivo España. Baixamos por unhas escaleiras empinadas que daban á cámara de oficiais da Fragata Numancia.

Aquí se acaba a visita ao museo de Pontevedra. Desde logo foi moi emocionante ver tantas cousas creadas polos nosos antepasados e que todas as cousas que temos hoxe en día é grazas a eles. Espero volver a visitalo pronto.



Depósito de Samieira. Idade de Bronce. I milenio a.C.

Ainoa Otero Navarro 5ºC



A CAMELIA




Xa chega a primavera,
a época da cor.
Xa se viste Pontevedra
de camelias en flor.



En todas as árbores
da miña boa vila
hai paxaros voadores
e camelias cor lila.




A nena distraída
mira con compaixón
a camelia ferida
e canta una canción:



“Non chores cameliña,
non chores miña flor.
Non chores bonitiña,
non chores por favor”.



Paloma Otero López 6ºC





A CAMELIA




**Se nunha flor tivera que pensar
seguro que ti a mesma ías imaxinar,
xa que este poema da camelia
vaite namorar.**

**As camelias,
que enchen as nosas rúas,
doces e alegres,
mirando cara a Lúa.**



**Alegren os meus ollos,
enfeitizan coas súas cores,
por iso gustan a todos
as camelias dos meus amores.**

María Rivas Sánchez 6º C





Río Dos Gafos

O río dos Gafos nace no Mato da Xestíña en Vilaboa, percorre 10,83 Km ata desembocar na ría de Pontevedra. Debe o seu nome á existencia dun hospital de leprosos na beira do río.

Según os lugares polos que pasa ten distintas denominacións: Cocho, Regheiro, Das Veighas da Porta, Toxal, Tomeza, Menexo, Estación, Palamios, Da Goleta ou Da Taboada.

Discorre case todo o seu treito á beira de poboacións, e as súas marxes vense alteradas pola agricultura, as obras públicas e as infraestruturas. A pesar da regresión ou incluso a desaparición de parte da vexetación de ribeira e da contaminación das súas augas con vertidos contaminantes, o río, presenta bastante diversidade na flora e na fauna que habita no seus soutos, fragas e brañas.



Avifauna do río Gafos

Andoriña	Falcón peregrino	Pardal
Avelaiona	Ferreiriño	Pega
Azor	Folosa amarela	Peneireiro común
Azulenta común	Gabeador común	Peto
Bilurico	Gabián	Picafollas
Bubela	Gaio	Picapeixe
Cardeal	Gaivota chorona	Pimpín común
Carriza	Garza real	Pomba das rochas
Chasco	Lavanco	Pomba torcaz
Cirrio común	Lavandeira	Rabirrubio común
Corvo	Liñaceiro	Rousinol bravo
Cotorra de Kramer	Melro común	Rula común
Curuxa	Miñado común	Tordo
Escribenta común	Moucho de orellas	Verderolo
Estorriño	Paporrubio	Xilgaro
Estreliña riscada	Papuxa	Xiniñ

Amalia, Sara e
Álvaro (6º)

- FRASEOLOXÍA:** Deixar que corra a auga - Amosar indiferenza./ - Botarse a auga - Atraverse Auga parada, non move o muíño - Prexuízos da inactividade
- En pouca auga, pouco se navega - Ser consciente das limitacións.
 - Estás coa auga ata o pescozo- Estás en situación desesperada ou moi apurada.
 - Escribir na auga - Facer labor improdutivo.
 - Estar coma o peixe na auga - Estar a gusto
 - Mandar tomar a auga a alguén - Emprégase cando se quere ver lonxe a alguén.
 - Non vai por aí a auga ó río - Non ser esa a cuestión.
 - O Miño leva a fama e o Sil dálle a auga - Cargar coa culpa..
 - Remexerse ben na auga - Superar os atrancos con habilidade.
 - Ter boa lodada - Ter un bo beneficio. /- Ir ao río e non ver auga - Díselle ao despistado.
 - Ser coma a auga corrente - Dise do que é vulgar.
 - Ser coma auga mansa - Dise da persoa tranquila /- Andar coma un río - Ter diarrea e cagarría.

REFRÁNS: As que ó muíño van, se son bonitas logo as moerán.

- Cada muíño quere a súa auga. / - Auga pasada non moe o muíño.
- Con quen ten muíño que coidar non te poñas a enredar.
- Máis vale acea parada que muíñeiro amigo. / - Muíño parado non gana maquía.
- No muíño, primeiro moe o que primeiro chega. - Nin muíño sen rodicio, nin home sen oficio.



Dando paus




Este ano introducimos no cole o xogo da billarda, un xogo que os nosos pais e avós teñen xogado. O xogo é sinxelo aínda que non tan doado de golpear ben, cun **palán** (pau de 60 cm, golpeamos outro pau máis pequeno que remata en punta (**billarda**) para chegar ó **varal** (meta ou portería).

Actualmente hai dúas ligas a nivel galego, a Sur e a Norte. Nós xogamos, sen competición, con outros colexios do Concello: San Martiño, Parada-Campañó, Xeve, S. Benito de Lérez.

Aínda que hai que ter un pouco de coidado cando se golpea a billarda, é un xogo moi bonito. Este ano tivemos moita sorte, pois o Concello agasallounos cun xogo (o palán e a billarda).

Educación Física





Lérez ao natural



	Animal	Foto	Nome científico	Interese
PEIXES	TROITA		Salmo trutta fario	É moi esixente en canto a contaminación das augas.
MAMÍFEROS	LONTRA		Lutra Lutra	Son un bioindicador do estado das augas.
	ESQUIÓ		Sciurus vulgaris	É un excelente trepador. Utiliza o rabo de timón e de paracaídas para saltar dunha árbore a outra.
AVES	MERLO ARIEIRO		Cinclus cinclus	Nunca estará onde o índice de macro-invertebrados é baixo ou nulo, porque non tería comida.
	LAVANDEIRA REAL		Motacilla cinerea	É a ave que máis se acerca aos ríos galegos.
RÉPTILES	COBRA DE COLAR		Natrix Natrix	É inofensiva e come tritóns, rás e peixes.
ANFIBIOS	RÁ VERDE		Pelophylax prezi	Pode ter máis de 10 cores.
INSECTOS	ZAPATEIRO		Gerris lacustris	Só sabe nadar hacia atrás e vive en grupos de ata 500 membros.



Coa exposición que solicitamos ó Concello do noso río Lérez, os rapaces fixemos un montón de traballos, un deles foi esta ficha con diferentes animais, de Miguel Luís R. (6ºB). Os de 3º tamén fixeron algúns debuxos despois de ver o documental que acompañaba a exposición.

Normalización Lingüística



PONTEVEDRA TEM UN RÍO



Pontevedra ten un río,
Pontevedra un río ten,
un río cantareiro,
un río que vai e ven.

Un río, que mais que río,
é un alegre cantor,
choutando pola cidade
con máxica e doce son.

Este río feiticeiro,
vai coa noite ven coa alba,
vai cos peixes ven coas aves,
vai co vento ven coa calma.

Vai cos paxaros barulleiros
por recantos de arboledas,
ven coa regueiros de zol
amozando a primavera.

E estas augas que rebullen,
os zónos dos nenos tecen,
con arrecendos de cores
que nos campos florecen.



Colectivo 4.º A



ENTREVISTA EXCLUSIVA A VICENTE DEL BOSQUE

Por Antía Corderí Rodríguez, redactora-xefa da sección de deportes no xornal escolar "Esperpento".

Tres días despois do amistoso contra Venezuela, Vicente Del Bosque, seleccionador de "La Roja", declara en exclusiva para o periódico "Esperpento"



- Por que motivo non convocou vostede ao dianteiro centro do Chelsea, Fernando Torres?

Dende a Eurocopa de 2008, os xogadores cambian, e por iso creo necesario renovalos. Valoro moito a achega de Torres como xogador, pero considero que hai que darlle un descanso ata que mellore os seus números.

- Que xogadores da selección española considera vostede que foron claves no último partido?

Todos fixeron moi ben o seu labor, pero gustárame destacar a Roberto Soldado, que se volveu reincorporar á selección cinco anos despois para marcar tres golazos; a Silva, que fixo o estelar papel de Messi; e a Iniesta, que xogou como un dianteiro centro espectacular.

- Cal é a clave do éxito da selección?

A principal clave é a unión e a boa relación entre os xogadores, deixando a un lado as súas diferenzas. No terreo de xogo, a clave é a defensa, complexa, e o rápido e contundente contraataque.

- Falou vostede da relación entre os xogadores, como están as cousas entre os do F.C. Barcelona e os do Real Madrid?

Como xa lle dixen antes, os xogadores deben deixar aparte as súas diferenzas. Malia a competitividade que hai entre eles, enténdense moi ben no campo.

- Por que realizou estes cambios na aliñación?



Coido que os cambios eran necesarios porque, aínda que gañamos todos os amistosos, esa fórmula estaba dando signos de esgotamento. Necesitabamos incorporar a novos xogadores que están despuntando.

- Van ser definitivos estes cambios?

Non creo. E probablemente incorporemos a Fernando Torres outra vez.

- As enquisas apuntan a que España pode estar outra vez na final da Eurocopa. Que equipos poden representar perigo para "La Roja"?

Creemos que hai catro equipos que poden representar un gran perigo para España, porque xogan de forma similar a nós. Son Alemaña, Holanda, Inglaterra e Italia.

- E para finalizar...Qué selección cree que xogarán a final?

Compraceríame moito que España estivese alí, fronte a algunha desas potentes seleccións.

Moitas grazas e parabéns, seleccionador

Vicente del Bosque foi claro e contundente, e deixa ver, a través das súas palabras, que ten fe en volver repetir triunfo na Eurocopa, e que está moi ilusionado coa súa selección.



Ilustración: Laura Bacariza Baltasar 5º A

Antía Corderí Rodríguez 5º A



A CASA ENCANTADA

Nun monte moi afastado de Burgos, vivía Bil, un neno de catorce anos, moi alegre e intelixente; máis a súa avoa Conce, unha señora algo tímida e leda. Vivían nunha casa moi vella, de cor azul, pequena e estaba rodeada de árbores e, de cando en vez, ocorrían cousas estrañas.



Unha mañá, a casa comezou a balancearse, outra, a porta cerrábase e abríase soa. Pero un día, mentres Bil e Conce almorzaban, as ventás cerráronse, igual que a porta e o portal. Pouco máis tarde, a casa empezou a xirar, e finalmente empezou a camiñar cunhas pernas xigantes.

Estaban preocupadísimos pero non sabían que facer. De repente, a casa parou de andar e, cando Bil e Conce non crían que seguise, comezou a correr. Tiñan moito medo e encerráronse no armario. Non crían o que estaba a suceder. Bil díxolle a Conce:

- Avoa, teño moito medo. ¿Cres que parará algunha vez de correr?
- Non cho sei meu fillo, non cho sei.
- Cando compraches esta casa, ¿xa vivía alguén nela?
- Eu non merquei casa ningunha, é unha herdanza familiar, pero non vivía ninguén nela.

Bil, moi atemorizado, abriu a porta do armario e, de repente espertou. Todo era un pesadelo e ríndose contoullo a súa avoa, e preguntoulle:

- De onde saíu esta casa?
- Compreina a unha inmobiliaria – respondeulle-. Pero xa antes vivira allugado un tal Estanislao.

Bil, contento, foi ó colexio e contoulle o pesadelo a todos os seus compañeiros.

Víctor Velasco Ferreirós 5º C



XOGA O GOLFIÑO

Xoga o golfiño
coa tartaruga
xoga o golfiño
no buga buga.

Xoga o golfiño
coa escuma do mar
mentres inventa
un doce cantar.

Xoga o golfiño
entre os corais
e a tartaruga
non o atopa xamais.


Xoga o golfiño
co tiburón que
parece malo
pero e un bonachón.

Xoga o golfiño
co peixe vela
divírtese tanto
sentándose vela.

Durme durante o día
chega a noite
todos cantan
para que o ceo escoite.

A estrela de mar
saúda ao ceo
o golfiño de tanto xogar
só quere descansar.

Alumnos/as de 4º C





Xulbai

Xulbai é o meu amigo
 good bye díxome un día,
 sen fondo e sen razón
 deixando ar penar no meu corazón.
 O meu corazón moi triste
 buscando e buscando,
 pegando carteis por ti e máis eler.
 Así é como remata a historia
 do meu amigo Xulbai que un día
 dixó good bye.

Clara Ramirez 3º C





A BRUXA MARUXA

Había unha bruxa
chamada Maruxa,
era tan boba
que esquecía a vasoira.


Un día foi ao doctor
cun traxe de motor,
entrou nunha sala
e atopou a unha ra.

A ra estaba tan feliz
que a bruxa levouna
a súa casa
de aprendiz.



Leo Iñarrea Barba

1º C





Correndo Millas



Participantes na Carreira de Vilaverde-Mourente



A pesar da ameaza de choiva celebrouse a VIII carreira (cross) do CEIP Vilaverde-Mourente. Do colexio Campolongo temos que destacar, primeiro a ampla participación con preto de 50 alumnos/as.

Este ano acadamos de novo varios pòdiums, tres primeiros postos, un deles en ciclo superior, con **Guillermo B. A.** (5ºA) como tripla campión, pois é a terceira vez que acada este posto nas tres tempadas que competiu; outro primeiro posto foi para **Marta B. S.** de 3º de primaria, gañadora do **Ciclo Medio**, e o terceiro foi para **Pablo G. C.**, campión no grupo do 1º ciclo.

Logo tivemos tamén dous terceiros postos, con Paula e Álex de 3º, e algún 4º con André Marc, tamén de 3º.

Educación Física



COMO FIXEN O VOLCÁN



Primeiro colleremos un cartón e pegamos nel unha lata de olivas valeira. Despois cubrimos a lata con papel mollado en auga e fariña, e cubrímolos todo ao redor, cando secou, pintámolo con témperas e tamén decoramos o cartón cun río que pintamos de azul e puxemos animais de plástico pegados en unhas árbores.

Lucía Lameiro Soto - Quiroga 3ºC

O VOLCÁN

*Enfadouse o volcán
e pola boca botou
unha gran lingua
vermella*

*Que ao focar o chan
Desmaiou.*

*Oh, fermoso volcán!
para de erupcionar
non te enfades coa terra
que se enfadara o mar*

Sofía Muños Pérez 3ºC





CANTA MENTIRA!




A maceira da cereixas,
a cerdeira da marzas,
os raposos teñen coellos,
e os coellos paspallás.




Na miña reida tal reim,
na feira de mentiráns,
un gato cosado cun can
e unha goliña vendendo pan.



O piñeiro da patacas
o caballo da repolos
a pereira da horta
esta chea de ratos tolos.



Na miña reida tal reim,
na horta da miña areosa,
unha leituga con ovos
e unha colera que reoa



Na miña reida tal reim,
un gato na resiga laberando,
que me vea a dicir!
e a súa dona miñando.



Colectivo 4º A



DON QUIXOTE NA MÁQUINA DO TEMPO


Pasado xa un longo troxecto na súa moto con sidecar, Don Quixote e Sancho Panza descubriron un campo onde había máis de trinta aeroxeradores.

Don Quixote borracho de libros de ciencia ficción vía as cousas doutra maneira. Vía aos aeroxeradores como se fosen robots xigantescos que ían a atacarlle.

Ao contrario Sancho Panza, vía as cousas tal e como eran, e lle dicía ao seu fiel amigo Quixote, que se equivocaba, que eran aeroxeradores, non robots e que non loitara contra eles.

A pesar das advertencias de Sancho, Quixote concentrado nas súas visións sacou unha porra eléctrica e comezou a lanzar descargas.

Ganada a súa batalla Quixote satisfeito seguiu o seu camiño.



Jana González 4-B



AGUERRA SEN SENTIDO

Nunha noite de inverno, nas augas do Atlántico, Inglaterra ía loitar contra Rusia.

O pirata Malapata é o capitán ruso, e a bruxa Cacalena a xefa dos ingleses. O pirata Malapata tiña unha pata de madeira e a bruxa levaba un traxe negro e sombreiro en punta, o típico, o seu carácter era moi tranquilo.

A guerra está a piques de comezar, os dous contrincantes teñen un barco de guerra con 20 canóns por cada lado (40 canóns) e pasou o seguinte:

Fogo! - Exclamou Malapata.

Flores!- Berrou a bruxa.



Os explosivos e as flores fixeron un gran barullo e colisionaron entre si. Formouse unha nube gris moi extensa que cando desapareceu, xa non se vía ningún barco, porque a nube evapora as augas e os barcos quedan enterrados

baixo a area.

A tripulación saíu cuspida pola explosión a unha illa deserta, os dous xefes cooperaron e formaron un novo país, Inglarussia, agora coñecido como Islandia.

Antón Pichel Gómez 5º C



COPLAS DO ALUMNADO 2012

COPLAS DE 6º

Juan

Chega este mes de maio
con flores e sol brillante
achéganos cada ano
a música ben soante.

Estas cantigas enxebres
que nos enchen de alegría
fan que toda a nosa xente
desfrute neste gran día.

Juanjo

Que todo o mundo se entere
volve o mes tan especial
con fiúncos decorado
"pra" deixalo maxistral.

María

Non me fales desta crise
nin da prima de risco
fálame dos mil amores
que se ven no mes das flores.

Martín

Imos todos a ferraría
para os Maios venerar
imos todos con alegría
para os Maios contemplar.

Pablo F.

En maio están as flores
e os paxaros aniñan
pintan os campos de cores
e as árbores aniñan.

Javier

Laranxiñas e fiúncos
colleremos para o Maio
para que este tan bonito
como todos estes anos.

Miguel

Con cantigas celebramos
esta festa que adoramos
coa compañía do maio
cantamos e brincamos.

Lucía

Se falamos de recortes
vexan o que propoñemos
reducir os deberes
e aumentar os recreos

Jorge

O noso Pontevedriña
está en horas baixas
tanto xogadores caros
teñen que facer rebaixas.

Andrea

Pontevedra estache mal
España tampouco se libra
O Froilán e Xoán Carlos
andan detrás da vaquiña.

Amalia

Neste tempo tan lembrado
tamén temos unhas penas
fa alá xa moito tempo
non chovía nestas terras

Paloma

Xa chegou a primavera
e esperamos o verán
ata que non chegue xuño
ó maio lle imos cantar.

Este maio da escola
ten laranxas un millar
tameñ ten uns cantos ovos
que non son "pra" lle tirar.

Alicia

Os rapaces cantan ledos
as coplas para este maio
as fixeron con esmero
tamén con moito traballo

Ana

O Maio en Campolongo
vai a ser moi divertido
imos estar todos xuntos
e imos facer ruído.

María

Comezamos a cantar
nesta praciña de pedra
con paixón e ilusión
"pra" ver se a festa medra.

Irene

A nosa educación
e a nosa sanidade
van a ter que pasar
por moitas dificultades

COPLAS DE 5º

Sabela A. L.

Xa chegou a primavera,
xa vai moita calor,
os paxaros fan os niños,
as camelias están en flor.

Os nenos de Campolongo
estamos a recoller
plantas flores e fiúncos
para un gran maio facer.

Despois aprenderemos
poesías e cancións
para arredor do maio
divertirnos un montón.

Clara A. De la C.

Xa chegou a primavera,
e temos que comezar
a cantar con alegría
e os Maios decorar.

Iria A. C.

Estes Maios os facemos,
todos xuntos e cantando,

recitando as cantigas
e rematamos xogando.

Laura B. B.

Estas cantigas do maio,
xas podemos recitar,
un pouquiño de silencio,
que se non imos tolear.

Carlota

O maio desta escola
é cuquiño e orixinal
todos os nenos brincamos
e pasámolo xenial.

Patricia - No col. Campol.
celebramos hoxe os Maios
canta e baila connosco
ata lucir coma un raio.

Coa teima desta crise
andan todos preocupados,
pero os nenos so pensamos
en xoguetes e xeados.

O Rajoy este ano
gañou as eleccións
agora anda contento
escondido polos rincóns.

Vente maio , acaba logo ,
temos presa por marchar ,
nesta festa non nos queren
imos todos a troulear.

Pablo G. F.

Cantádeme unhas coplas
que bailen estes nenos
poñámoslle flores no mai
para telo todo ledos

Antonio D.

O maio ten beleza
hoxe é un bo día,
temos gañas de xogar
co maio na ferraría.

Alejandro

A festa dos nosos Maios
è festa da primavera
e cantamos e bailamos
xunto esta árbore tan bela.

Con flores e pampullos
faremos un gran colar
poñeremos os fiúncos
para este maio tapar.

Nin moi alto nin moi baixo
ben feitoño vai quedar
o noso precioso maio,
o mellor deste lugar.

Dando voltas e cantando
os nenos disfrutarán
e ducias de palitroques
máis que forte baterán.



Coplas feitas polo alumnado de 5º e 6º para o Maio 2012 . Algunhas delas coa axuda da familia e outras arraxadas un pouco para que quedara mellor a rima. Foron cantadas na escola e tamén foron coas coplas da Ferraría, onde acadaron o segundo premio.

MAIO 2012



Un canto rexo no vento
beixa o azul de mediodía
son coplas de Campolongo
que estalan na Ferraría.

Vimos ledos a esta praza
para cantarlles o Maio
cada verso unha benvida
cada estrofa un regalo.

Traemos letriñas novas
coas palabras da escola
se vos gusta o que dicimos
botádenos unha esmola.

Moita falta nos fará
pois andamos apertados
coas medidas de axuste
rematamos abafados.

Veñen tempos de carencias
todo semella esfolado
as novas que escoitamos
déixannos moi amolados.

Chega o Maio a Pontevedra
cargadiño de ledicia
os paus xa resoan forte
polas prazas de Galicia.

Moito traballo levamos
para vir a Ferraría
bulindo dun lado a outro
pola noite e polo día.

Flores fiúncho e pampullos
non os demos atopado
coa seca que nos toca
só agroman os parados.

O maio da nosa escola
ten laranxas un millar
tamén ten uns cantos ovos
que non son para tirar.

Cada ano fanse obras
porque aumenta o alumnado
ao colexio Campolongo
chámanlle o remendado.

Os veciños desta vila
non están todos a gusto
teñen prazas, teñen pontes
pero sóbenlle o tributo.

Miguel Anxo e mais Louro
forman parella de mando
non se oe a oposición
aínda seguen remando.

Telmo foi para Madrid
con promesas na mochila
que conto nos traerá
cando volva pola vila.

Moreira colle o relevo
para ordenar o poleiro
mentres desgasta a Lores
cos asuntos do diñeiro.

Entre outros obxectivos
o dos cartos é importante
se non hai investimento
as obras non van adiante.

Miguel Anxo anda molesto
polo tema cultural
non lle gustou que Louzán
suprimira a Bienal.

A Xunta que nos dirixe
perde co paso do tempo
co goberno de Galicia
aumenta o descontento.

Aeropostos sen avións
mausoleos no Gaiás
os cartos non dan chegada
para tanto paspallás.

Ante este desconcerto
pra contentar aos galegos
Feijóo propón o milagre
ofrecendo un plan de emprego.

Para atraer o voto
fai uso da oratoria
despois que o ten no peto
non logra facer memoria.

Se hai que apertar o cinto
vaille tocar aos de sempre
para financiar servizos
pídenlle esforzos á xente.

Pachi Vázquez onde andas
pouco se sabe de ti
se queres ser presidente
ensaia o DO-RE-MI.

Coa muda de goberno
chegou o cambio esperado
sobe o paro e os impostos
e Rajoy segue calado.

Ata o vinte de novembro
todo era anunciar
agora que xa goberna
di que compre recortar.



MAIO 2012



Desde Europa tocan solfa
para que sexa guiado
e el presume de mando
co país hipotecado.

Rubalcaba non remonta
a perda de confianza
ten unha lousa enriba
cando lle lembran a herdanza.

Dirixentes da tesoiria
e da cultura do medo
baixo o paraugas do voto
mandan á xente ao inferno.

Recortan na educación
para poder aforrar
non importa a calidade
nin o fracaso escolar.

Máis horario de presenza
máis alumnado nas clases
farán pastores aos mestres
e rabaños aos rapaces.

A sanidade de balde
queren quitala do medio
se prohiben enfermarse
venlle do ceo o remedio.

Que non vos atente o demo
ir pola quenda de urxencia
se vos atopades mal
botade man da carteira.

Deste xeito de seguro
que o negocio funciona
o que non paga que aguante
quen ten cartos soluciona.

O vinte e nove de marzo
houbo unha folga xeral
moita xente non acepta
a reforma laboral.

Protestan polo despido
contra a banca e a patronal
rexeitan a tiranía
que impón o capital.

Anda a xente indignada
coa auga ao pescozo
con tanto pago pendente
hanse afogar no pozo.

A salvación desta crise
vén dos grandes empresarios
despiden traballadores
e a facerse millonarios.

Tres anos vive un furón
tres furóns vive un can
algúns políticos viven
do que os amigos lle dan.

Novagalicia é un banco
que engana á clientela
deixou a moitos galegos
máis tesos que unha vela.

Abusou da confianza
para pillarlle o aforro
agora que o precisan
teñen que pedir socorro.

Camiñando polo río
vimos lixo a mogollón
a limpeza polo Gafos
aínda non ten solución.

Temos pancarta no cole
falando de educación
púxose antes da Pascua
coa santa bendición.

A realeza é noticia
a prensa non dá falado
desde o neto ata o Rei
con Iñaki de imputado.

Manda truco, mando truco,
o que temos nas poltronas
cazadores, carteiristas
con infantas xoguetonas.

Aínda ten moitos complexos
o galego na cidade
non se fala nas escolas
temos pouca dignidade.

O galego nosa Lingua
outra vez abandonada
se queremos que perviva
todos debemos falala.

Ser galego é moi grande,
ser pontevedrés xenial,
os nados na boa vila
son dunha graza especial.

Para a luz a deste día
para sombras o carballo
para dar a despedida
esta copla de agasallo.

Aquí vai a derradeira
xa nos temos que marchar
agardamos que a crise
non nos faga emigrar.






BOMBÓNS ORDENADOS


Intelixentemente
 Bondadosos lugares
 Libros segredos
 Iluminan a sala
 Outeo cando entras
 Tremo nas túas mans
 Emociónase o meu
 Corazón de papel
 Acariñando o
 Sorriso do misterio.



Bombóns de
Corazóns



Estamos na escola
 Sempre esperándote
 Co corazón preparado
 Ollando a túa mirada
 Largas noites sen ti
 Ata que chegue o día
 Rómtese o silencio
 Entras na túa casa
 Son feliz.



Alumnos/as 4º C




**NAI QUERIDA
dásme todo
nai querida
dásme a vida.**

**Nai querida
mímame moito
fálame con amor
sempre te escoito.**

**Nai querida
cántame cantigas
para durmir
eu só quero sorrir.**

**Nai querida
lévasme ao cole
o primeiro día
choro coa despedida.**

**Nai querida
cóntame contos
fásmeme feliz
como unha perdiz.**



**Miña nai
es coma unha estrela
que brilla no meu corazón
énchesme de ilusión.**

Alumnos/as 4ºC



Regueifa famosa do río Gafos

Papá, papá, que reguapo
che é o río Gafos!
Onte por el paseamos,
por el fomos de excursión
e gustounos un mogollón!!

Cala, fillo, non me amoles!
Que o Gafos non é río!
É regueiro pousafoles,
é regato cheo de lixo,
é un mal rego cativo!

Cala, ho! Pero, que dís?
Que o Gafos e a capital
xa non che están tan mal.
Mais, cos lustros que tes ti,
é normal pensar así.

Para o carro, amiguíño,
que faltar non che faltei;
co Gafos emporcadiño,
latas, plásticos, xerseis,
rodas, granadas ... son de lei!

Once anos, once!, van xa,
que a xente vai polo río:
limpou, limpa, limpará ...
e o lixo foi pasadiño
e o Gafos limpo e novio.

Pois non terá refugallo,
mais será imposible o paseo,
estará a monte sen prados,
con silveiras e rochedo,
todo ermo e moi, moi feo.

Vaite, ho!, que o Gafos é ENIL!!!
A pé, na bici ou co can,
é un roteiro señorial
que centos de cidadáns
percorrem con moito afán!

Por moita sigla que uses,
por moita xente que contes,
a súa fauna é moi cutre:
só ratas e leiróns onte...
e seica hoxe bisontes?

Pois, sorpresa papaiño!,
porque hai biodiversidade:
son milleiros os bechiños,
con case seis dúcias de aves,
peixes, lontras ...; ou non sabes?


Ben, ben! Se es tan sabichón,
ilustraseme na flora;
flora estéril di ficción,
asilveirada, breñosa,
que non ten nin floración.

Éche doada a solución:
coa ribeira recuperada
con fentos, liques e brions,
tamén está arborada
de amieiros, freixos e choróns.

Por moito que me retruques,
e do Gafos fales ben,
este éche río sen buques,
sen historia dende o alén,
e sen nomes neste aquí.

Se frei Martin escoitase,
máis dun lapote levarías:
Gafos mítico e con clase,
rumbo recto que te guía,
muiños e pontes na base
incljcida a polinomía:
Cocho, Regheiro das Veighas,
do menexo e da Gholeta;
Estación de Toxal e Tomeza
na Xestiña todo empeza!

Se Sarmiento intervén,
a regueifa aquí conclúe,
pois foi erudito de ben
que fluiu no Gafos que flúe.



Roberto R. G., despois de facer a saída ó Muíño de Cabanas, presentou este traballo para a edición do libro "Poema Río dos Gafos". Xunto con seu pai fixeron una bonita interpretación da mesma.



Río Gafos


En Pontevieira hai un río
que río Gafos se chama,
dende a ventá eu miroo
pensando dende a miña cama.

Gústame ir en bicicleta
sen poñerme a chaqueta,
mentres escoito os ruidiños
dos peixes e dos paxariños.

"Vai polo río" limpouno
e deixouno ben bonito
pero a chuvia manchouno
e agora está ben porquino.

Que bonito é o meu río!
canto me gusta miralo!
que este sempre limpo
para poder disfrutalo.

Paula López Gayoso 3^oC





Centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro



Celso Emilio Ferreiro Míguez, nado en Celanova o 6 de xaneiro de 1912 e falecido en Vigo o 31 de agosto de 1979, foi un escritor e político galeguista. Máximo expoñente da poesía social en lingua galega, a súa obra *Longa noite de pedra* é un dos libros chave para entender a literatura galega contemporánea e unha referencia obrigada de toda unha xeración de autores e lectores. Foille adicado o Día das Letras Galegas de 1989.

Longa Noite de Pedra , poema interpretado por 6ºA na linguaxe de signos (Yogote) o Día das Letras Galegas

 O teito é de pedra.	 son de pedra.
 De pedra son os muros	 Os corazóns dos homes
 i as tebras.	 que ao lonxe espreitan,
 De pedra o chan	 feitos
 i as reixas.	 están
 As portas,	 tamén
 as cadeas,	 de pedra.
 o aire,	 I eu, morrendo
 as fenestras,	 nesta longa noite
 as olladas,	 de pedra.


Ós 20 anos, en 1932, organizou con Xosé Velo Mosquera, entre outros, as Mocedades Galeguistas de Celanova e participou na constitución da Federación de Mocedades Galeguistas en 1934. Pouco despois foi procesado por un artigo publicado en *Guieiro*, revista que el mesmo dirixía.

Lucía Ferrer Doporto



LETRAS GALEGAS 2012

VALENTÍN PAZ ANDRADE



*" Galicia un pouco cada día morre..
se non viramos rumbo ao navegar
Poñamos vela ao vento que hoxe corre
ronsel abrindo cara un novo mar. "*

BIOGRAFIA: Valentín Paz Andrade naceu en Lérez, o 23 de abril de 1898 e morreu en Vigo o 19 de maio de 1987; foi un xurista, político galeguista e escritor español en lingua galega e castelá.

Licenciado en dereito pola Universidade de Santiago . O seu interese pola literatura comezou grazas á influencia do seu tío, o poeta Juan Bautista Andrade, quen lle presentou a Castelao que influíu moito na súa obra.

Durante a súa etapa formativa iniciouse no movemento galeguista. Foi candidato ás Cortes Constituíntes de 1931 xunto a Castelao e Ramón Cabanillas; colaborou na redacción do anteproxecto do Estatuto de Galicia e publicou diversos artigos políticos en " El Pueblo Gallego ".

Co estalido da Guerra Civil axudou a fuxir a diversos intelectuais galeguistas e como avogado defendeu a outros. Ao longo da súa vida foi detido moitas veces polas súas ideas políticas. Avogado de prestixio en Vigo, foi un dos impulsores do grupo industrial " Pescanova " á que converteu na primeira compañía armadora europea de buques conxeladores(1960). Nesta época colaborou en " El Pueblo Gallego ", "Faro de Vigo " e " La Noche ". A partir de 1945 organizou a tertulia do Café Alameda, en Vigo, onde se reunía con intelectuais e artistas como Laxeiro, Fernández del Riego, Carlos Maside... Formou parte da Xunta Democrática, da Comisión de los Diez e nas eleccións de 1977 foi elixido senador por Pontevedra. No ano 2012 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.

OBRA: Escribiu ensaios literarios, históricos e económicos nos que reflectiu a súa preocupación polo progreso de Galicia. Galicia como tarefa (1959). Como poeta formou parte da xeración de 1925 e na súa obra destaca unha motivación patriótica. Sementeira do vento; Cen claves de sombra; Cartafol de homenaxe a Ramón Otero Pedrayo. Foi membro da Real Academia Galega, galardoado co Pedrón de ouro, Medalla da cidade de Pontevedra, Medalla de ouro da cidade de Vigo e moitos premios máis. *Juanjo Roca Ares 6ºA*




VISITA AOS MUSEOS CIENTÍFICOS CORUÑESES (=mc2)

- Aquarium Finisterrae:

Ten máis de 1000 m² de superficie, repartidos en diferentes piscinas monotemáticas. Unha destas piscinas atópase na sala do Nautilus, onde a xente está rodeada por milleiros de litros de auga, por onde nadan moitos peixes. O seu protagonista é un espectacular inquilino chamado Gastón, un macho quenlla touro de 3 m e máis de 100 quilos. Está no Aquarium desde o 24 de maio de 2006. Procede de Francia. Tras tres meses na sala de corentena adaptándose á temperatura e calidade da auga galega, xa está no Nautilus e fai compañía á pequena "quenlla" touro que vive aquí fai moitos anos, pero que agora está nunha sala de corentena. A quenlla Gastón, aínda que provén de Francia, naceu en Sudáfrica en 1986, fronte a cidade do Cabo.

Outra das salas é a das focas, que está situada ao aire libre e na que os seus protagonistas son Hansi e Petra.



- A Casa das Ciencias:

Este museo, tamén chamado Casacencias, foi o primeiro museo interactivo de España. Atópase no Parque de Santa Margarita, nun antigo palacete que remata nunha cúpula, onde está a sala do Planetario.

Foi inaugurado polos Reis o 1 de xuño de 1985, e consta de 4 salas, distribuídas en 4 planta:

-Na planta baixa chamounos moito a atención o Péndulo de Foucault, unha esfera que permanece colgada dun cable de aproximadamente 14 m. Este oscila libremente, e vai tirando uns pivotes, que testifican o movemento de xiro circular.





Este Péndulo (S.XIX), foi o primeiro invento que xustificou o movemento de rotación da Terra.

-A primeira planta contén unha sala de experiencias sobre o entorno físico.

-A segunda planta é a escollida para presentar as exposicións temporais.

-A terceira , contén unha sala sobre exposicións de actualidade científica.

-Na cúpula semiesférica do edificio alberga o Planetario, que conta cun proxector principal e mais de 30 proxectores especiais, dedicados ao Sistema Solar, Xúpiter e os seus satélites, cometas, estrelas fugaces, e outros efectos.



O Concello plantou fronte a este museo unha maceira. A árbore é un exemplar igual do que existe onde naceu Isaac Newton. A caída da mazá provocoulle a Newton que se formulara unha pregunta: por qué cae a mazá e non cae a Lúa ?

Tamén se atopa a " Fonte da Bola ", unha peza maciza de granito orbicular.



Paloma Otero López 6°C

Alba Morcillo Castro 6°C

Noa Touriño Martínez 6°C

Alicia Pedrosa Rodríguez 6°C

Irene Gómez Tomé 6°C

Ana Núñez Barros 6°C

Álvaro Portugal Pérez 6°C



VISITA AO DOMUS

O pasado mércores, os alumnos de 6º de Primaria do Colexio Campolongo fomos de excursión a A Coruña e visitamos nesta orde, o Acuario, o Domus e a Casa das Ciencias.

Tras ir ao Acuario, no que realizamos unha fugaz visita, chegamos ao Domus, tamén coñecido como Museo do Home.

Alí, o primeiro que fixemos foi entrar á espectacular sala de "Magnavisión", onde vimos un divertido programa de televisión alienígena de debuxos animados e un documental sobre os "cinco grandes de África": o elefante, o

rinoceronte, o búfalo, o leopardo e o león.

Ambas as dúas proxeccións foron en formato 3D, polo que foi necesario que todos puxésemos unhas gafas especiais que nos entregaran a entrada.



O programa da televisión tiña un guión bastante orixinal no que se trataba de capturar a un ladrón de mascotas

interespatial, presentando un desenlace estraño que ninguén esperaba.

Pola contra, o documental non tiña nada de cómico, senón que amosaba ao público as aventuras vividas por unha científica ou exploradora na procura dos "cinco grandes" en diferentes lugares do continente africano, visitando tanto parques naturais e espazos protexidos como paisaxes salvaxes. Na súa viaxe, esa muller contaba coa axuda doutras persoas expertas no rastrexo de cada unha das especies buscadas.

Cando remataron os dous vídeos xa era hora de xantar, polo que nos diriximos á zona de picnic para tomar os nosos bocadillos todos xuntos. Dende o comedor tiñamos unhas vistas envexables do mar


(para ser máis exacto, do Océano Atlántico), o cal presentaba aquel unha cor azul cristalina salpicada de branco pola espuma das ondas ao bater contra as rochas.






Despois de renovar as nosas enerxías, leváronnos ata as salas de exposicións, seguramente a parte favorita do museo para todos nós, pois nela era interactivo practicamente todo. Aínda que non tivemos moito tempo para vela, si podemos observar que alí había

moitas maquetas e experimentos: a representación dun xene feito con libros; diversos instrumentos para medir a lonxitude do brazo, o peso, a altura e a cantidade de auga, proteínas, graxas e azucres que contén o noso corpo; varias máquinas que simulan a forza que fai o corazón e os litros de sangue que este bombea; unha maqueta do corazón a gran escala; un esqueleto que reproduce a postura dunha persoa ao ir en bicicleta; numerosos exemplares de corazóns e cerebros reais de diferentes animais e tamén do ser humano; un cadro da "Gioconda" elaborado cunha gran cantidade de minúsculas fotografías de persoas; múltiples esculturas nas que se aprecia a evolución do home a través dos tempos, e moitas cousas máis .



Pero , tal vez, a actividade preferida para moitos de nós (dende logo, para min si o foi), acabou sendo un experimento no que os alumnos non eramos simples espectadores, senón que podíamos participar. Este consistía en sentar dúas persoas, cada unha nun dos extremos dunha mesa, na que había unha pequena bola que se aproximaba ao "xogador" que se atopase menos relaxado, o cal perdía. Foi; realmente, unha experiencia moi divertida, que puxo a proba a nosa capacidade para "desconectar".



En definitiva, nesta visita aprendemos e vimos moitas cousas novas, pero, sobre todo, comprendemos que a Ciencia pode ser moi divertida.

Paloma Otero López 6°C



Bicicleta co Medio Ambiente



Preparándose para a carreira



Día mundial do Medio Ambiente



Saíndo da escola



Outro día de festa gozando na X Edición da Marcha Ciclista do CEIP Campolongo. Como sempre a ANPA organiza esta actividade celebrando o Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño). A carreira foi longa e divertida. No remate houbo un pequeno refrixerio e un pouco de baile para soltar as pernas.



Xadrez na Rúa e na Escola



III Edición



Xadrez na Escola

Seguimos mantendo viva a afección polo Xadrez. Este ano primeiro xogamos na rúa, un venres pola tarde (31 de maio), e logo fixemos as xornadas na escola (primeira e segunda semana de xuño). Os finalistas na escola foron Amalia e Berta de 6ºB (feminino) e nos rapaces hai que destacar os tres finalistas, todos de 4º de primaria, pois incluso eliminaron ós de 6º. Estes son: Xandre, Javi, e Germán. Aínda non sabemos cal é a razón, pero neste xogo sempre hai máis participación masculina.

E. FÍSICA



O GATO PIRATA

Érase unha vez unha gata peli roxa que vivía co seu fillo.

Miau, son Kitty.

Eu son Pelusa.

Pelusa, un día quixo, non sei por qué, ser pirata.

Son pirata! O máis temido do mundo. Miau!

Pero, coma aínda era un bebé, durmiuse.

zzz

Por alí parou o gato persa, Zeus.

Que fas ti co parvato? Coidado, que vén o can!

Patricia Farina

O can scotty, o golden retriever, case o papa.

Aquí tulle a gato.

Dapena 5ºB

Zeus non foi moi rápido e scotty o veu nunha caixa.

Alá vou!

Cando lle ía morde...

Pelusa e a tartaruga coco lle deron un rodillo.

Zeus fíulles as grazas.

Eres un bo pirata!

Ya ves! Moitas grazas.

FIN



Outras novas



Os de 5º de primaria practicarón as normas de **Seguridade Vial** no circuíto de Mollabao, de agasallo tiveron este peto para poder utilizar coas súas bicicletas pola cidade.



Alumnos del primer ciclo del CEE Príncipe Felipe ganaron el certamen de dibujo del Parlanjento. CAPOTILLO

O Parlamento de Galicia: A túa casa.

Así se chamaba o premio, na modalidade de debuxo e pintura, que acadaron estes alumnos do Príncipe Felipe, e un destes alumnos (Javier G.M),; o seu debuxo foi o que precisamente marcou a diferenza para o 1º premio.



ANPA San Xosé CEIP Campolongo
 Avda. Xeral Rubín, 3 36001 Pontevedra. TLF. 635651616
 CIF: G36018364 sanxosecampolongo@yahoo.es



MEMORIA DO CURSO 2011- 2012 DA ANPA DO CEIP CAMPOLONGO

FAMILIAS SOCIAS: 323

ALUMN@S SOCI@S: 411

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Fóra do centro:

- PISCINA: primeiro cuatrimestre 67 prazas cubertas, no segundo 53.

No propio centro, participaron 145 alumn@s nas seguintes actividades:

- ARTESANIA: asistiron 3 alumn@s.
- DEBUXO E PINTURA: asistiron 14 alumn@s.
- BALLET: asistiron 20 alumnas.
- XIMNASIA RÍTMICA: asistiron 12 alumnas.
- PATINAXE: asistiron 26 alumn@s.
- TAEKWONDO: asistiron 10 alumn@s.
- BALONCESTO: asistiron 5 alumn@s.
- TENIS: asistiron 12 alumn@s.
- FÚTBOL: asistiron 26 alumn@s.
- ATLETISMO: asistiron 7 alumn@s.
- TALLER DE COMUNICACIÓN EN INGLÉS: asistiron 6 alumn@s.



FESTAS ORGANIZADAS POLA ANPA

- FESTA DO NADAL E VISITA DE PAPA NOEL
- FESTA DO ENTROIDO
- X MARCHA CICLISTA CELEBRANDO O DIA DO MEDIOAMBIENTE O 3 DE XUÑO

COLABORACIÓN CO CEIP CAMPOLONGO NAS ACTIVIDADES:

- MAGOSTO
- EXALTACIÓN DA CAMELIA
- FESTA DOS MAIOS
- REVISTA ESPERPENTO
- SAÍDAS FINAL DE CURSO:



Educación infantil: visita ao Centro Rupestre de Campolameiro

Primeiro de primaria: zoo da Madroa

Segundo de primaria: visita a Granxa Sarandello

Terceiro de primaria: visita ao Centro Rupestre de Campolameiro

Cuarto de primaria: visita a Oporto

Quinto de primaria: visita ao Centro Rupestre de Campolameiro

Sexto de primaria: visita a Coruña





CEIP "CAMPOLONGO"

PONTEVEDRA

6º PRIMARIA

2011 - 2012



| 5 ó | 2

A Educación, SÍ, é importante



VALENTÍN PAZ ANDRADE

